

O sol raiaba nos cristais da barbería coma o gume dun coitelo. A navalla deslizábase pola cuxe sorprendentemente coidada do primeiro cliente da mañá, un home duns cincuenta anos vestido cun traxe novo e uns zapatos coas punteiras extremadamente afiadas; tiñan pinta de seren uns botíns.

Agueas mañás frías e soleadas do mes de outubro traían ao barrio unha sensación de ledicia, e ata certa laxitude. O traballo facíase, pero con outro ritmo. Na barbería todo o instrumental estaba limpo coma unha patela e ningún cliente podería atopar, aín-

5

En punta Navia Franco

Contos de Agardar



Navia Franco
(Santiago de Compostela, 1973).

Xornalista. Publicou no ano 1994 o libro de relatos breves *Historias de Edel*. Nai orgullosa de Miguel e Candela, é columnista da Axencia Galega de Noticias. *En Punta* reúne unha serie de personaxes: Camilo, o barbeiro; Mercedes Salgado, na procura serodia de si mesma; e Domingo, quen non é quen di ser, nunha historia na que tamén aparecen os policías Rosamari e Damián. O motivo do encontro é a busca dunha sinatura, única e diferenciada, para Mercedes.

© do texto: Navia Franco

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litonor

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia.





5
En punta
Navia Franco

Contos de Agardar
En punta

O sol raiaba nos cristais da barbería coma o gume dun coitelo. A navalla deslizábase pola cute sorprendentemente coidada do primeiro cliente da mañá, un home duns cincuenta anos vestido cun traxe novo e uns zapatos coas punteiras extremadamente afiadas; tiñan pinta de seren uns botíns.

Aquelas mañás frías e soleadas do mes de outubro traían ao barrio unha sensación de ledicia, e ata certa laxitude. O traballo facíase, pero con outro ritmo. Na barbería todo o instrumental estaba limpo coma unha patela e ningún cliente podería atopar, aínda forzando a vista, un só lamparón nas toallas brancas que levaban impreso o nome do establecemento: *As doce en punta Barbería*.

Cando abrira o establecemento dubidara entre poñer nas toallas: *Barbería As doce en punto* ou ben *As doce en punto Barbería*. Ao final, decidírase por destacar, por riba do nome do establecemento, a hora

do mediodía, convencido como sempre estivo de que aquela hora era a da plenitude. Agora celebraba a decisión de antepoñer o nome, aínda que a bordadora se confundise e puxese en punta en troques de en punto.

Moito se rira súa muller ao ver as toallas bordadas equivocadamente.

Calquera que se asomase pola cristaleira do baixo no que estaba instalada a barbería podía apreciar a pulcritude coa que alí se traballaba. Xa llo dicían algúns clientes: “Camilo, que parece un cirurxián. Nin cando me sacaron o apéndice me desinfectaron tanto”.

12 Aquela luz da mañá animábao a facer o traballo con vagar; a receita era, segundo lle dixera súa nai, acomodar o traballo ao corpo e non á inversa. Na sinxeleza daquela mensaxe residía o segredo da felicidade ou, polo menos, da posibilidade de traballar e levar a vida sen morrer no intento.

—Máis suave, máis suave. Quero chegar a casa coa cara enteira —case lle implorou o cliente dos botíns afiados.

—Perdón, desculpe, mil perdóns. Non sei onde teño a cabeza, perdón outra vez.

—A cabeza, riba dos ombros, agora que o pulso... Debeuno deixar na cama esta mañanciña.

Desde unha da cadeiras da perruquería masculina, un cliente que agardaba a súa quenda berrou:

—“Vendo firmas”. ¿Viches, Camilo, o anuncio do periódico? Hai un tipo aquí que se ofrece como vendedor de sinaturas. Despois dirán na tele que Galicia rexistrou os mellores datos de ocupación. Home, claro, todos os autónomos inventándonos formas de chegar con cartiños á casa.

buscando firma

13

“Vendo firmas”. Iso dicía un dos anuncios por palabras do xornal. ¿A que cliente potencial estaría dirixida a oferta? En principio, tería que ser alguén curioso, con tempo para repasar todos os anuncios por palabras e reparar neste. Supoño que alguén ocioso coma min. Aínda matinei máis: o interesado no produto que se vendía tiña que ter unha personalidade polo menos peculiar ou carecer de personalidade, máis ben. ¿Como sería a persoa sen firma propia? Obviamente

algo branda, rotundamente sen personalidade; seguramente un bo cidadán e seguramente un personaxe feliz.

¿E como sería este anunciante sobrado de sinaturas que vendía a súa creatividade? Collín un folio coa intención de meterme no seu papel. Plasmei na folla centos de nomes semiocultos polos círculos e os trazos rectos; debuxei lazos e nós; gocei coas formas redondas e finxín letras ganchudas, case anzois, coma a letra do meu defunto marido. En tres minutos concluí que eu mesma podería ser a contratante do anuncio e en outros dous máis razoiei que non lembraba pagar por ningunha publicidade, nin mandarlle a ningún dos meus fillos que a pagase por min.

14

Polo teléfono que aparecía no anuncio imaxinei que o anunciante vivía no centro da cidade. A proximidade que adiviñaba respecto da miña casa animoume a chamar e concertar unha cita. Case me sentía unha nena traste con curiosidade e ganas de pasar o tempo con calquera desculpa, aínda que fose o ditoso anuncio.

A primeira en atenderme foi unha señorita. Chamáronme a atención as unllas pintadas de múl-

Contos de Agardar
En punta

tiples cores, como agora levan as miñas netas. Estaba sentada detrás dunha mesa de despacho, diante dela tiña un ordenador apagado. Levaba o pelo curto e algunhas mechas comíanlle as orellas como se fose unha muller dos anos vinte.

Fíxome sentar fronte a ela ofrecéndome unha cadeira tapizada con moito gusto, tomoume algúns datos e non se volveu dirixir a min durante o tempo que fiquei sentada, ata que me mandou pasar a unha sala de espera.

As paredes da estancia estaban adornadas con reproducións de grandes cadros, grandes en tamaño e en sona. Chamoume a atención unha delas, a máis pequena, que quería ser o Cristo Resucitado de Bramantino. Coñecía o orixinal por unha viaxe do Imsero na que visitamos o Museo Thyssen. ¡Que beleza a daquel Cristo!

15

Repasei o cabelo longo e os ollos cansos e tristes; entretívenme nos beizos sensuais, no torso seminú, nos músculos definidos... Todo el semellaba unha verdade núa, sen pobreza ningunha.

¿Que tipo será este cun despacho posto a todo tren para crear firmas? Será que o do autoemprego

funciona... será cousa de botarlle imaxinación. Eu teño un recurso: “Véndese optimismo”. Iso sóbrame.

E volvín a ela: ¿Que tipa é esta que senta diante dun ordenador apagado e pasa a vida cos ollos pousados na pantalla? E por último: ¿terá ela firma propia? Por certo, como sería a sinatura do Bramantino. Supoño que xenial, creativa...

De Bramantino pasei ao revisteiro, cheo de publicacións sobre cans. Como coidar o cadelo, os segredos da perruquería canina, a difícil natureza do celo, a importancia da limpeza bucal... ¡Ata aí chegamos!

—Pode pasar, señora. Don Domingo xa a pode recibir.

16

O despacho do tal don Domingo semellaba un mero pretexto para colgar títulos e diplomas en criminoloxía, psicoloxía, grafoloxía... Centos de sinaturas acreditaban os coñecementos do tal Domingo sobre isto e tamén aquilo. Molestoume que non me fixese sentar inmediatamente.

—Ben, as súas intencións, señora...

—Todas boas, claro está, todas boas.

—Quero dicir: de que tipo e por que.

—¿Que tipo de porqué?

Contos de Agardar
En punta

—Vexamos: supoño que quere unha firma diferenciada, como queren todos. Pola súa idade, desculpe que llo diga, supoño que se decide agora por algo en concreto. Aos seus anos xa tiña que estar de volta de todo, e tamén das firmas.

—Ben puidera ser así, pero non o é —inven-tei—. E non se desculpe, sei que son unha muller xa maior pero, tamén por iso mesmo, teño agora que satisfacer un pequeno capricho: que o meu testamento quede rubricado cunha firma diferenciada e, iso si, elegante, optimista e...

—Pare, pare, pare..., primeiro, sente na cadeira. Todos eses adxectivos ponos vostede pero iso non quere dicir que os outros, os terceiros, os que herdarán ou comuniquen o herdado, coma o notario, infiran o mesmo da súa sinatura. O sentido da estética é diferente en cada quen, a percepción é de cada quen. Coñézoa desde hai ben pouco, aínda que xa creo ter unha idea aproximada sobre vostede. Olle, olle os diplomas e títulos que recoñecen a miña intuición e preparación. Un exemplo: supoño que a vostede lle gusta un dos cadros que teño fóra. A reprodución de Bramantino,

por exemplo, estou seguro de que a vostede lle gusta. A min non, aborrézoo.

—Ten razón, gústame, aínda que non o coñecía. É a primeira vez que o vexo diante. Paréceme sensual desde a súa tristura, un Cristo no que adiviño moita cousas...

—Ben, podo crear para vostede unha firma que se adapte aos seus gustos, pero isto non significa que se adapte aos pareceres dos demais. Iso sería un milagre, fálolle desde a experiencia.

—Ten razón. Cambiarei entón algún detalle da miña intención: quero unha firma que a min me pareza elegante, optimista e diferenciada para estampar no meu testamento.

18

Acordamos a forma de traballo: manteríamos unha serie de entrevistas dirixidas a que el coñecese a miña personalidade e tamén a miña caligrafía. Quedamos en que lle pagaría ao contado o mesmo día da entrega da firma. Naquel primeiro encontro case esquece un detalle:

—Coido que hai que falar de algo con certa relevancia.

—¿Que cousa?

—Mercedes, o meu nome é Mercedes Salgado Varela.

—Moi ben, moi ben, este eme inicial darame moito xogo.

Como no primeiro encontro, na segunda cita fíxome agardar un bo cacho. Non sei moi ben o porqué, ía eu ben atrousada, co mellor do meu armario, coidadosamente peiteada e cos ollos maquillados. Percorrín as paredes coa ollada á procura da reprodución de Bramantino —que nome tan sonoro— e non o atopei.

Asomei pola porta e pregunteille á tipa que seguía sentada na entrada, diante do ordenador apagado:

—Ai, eu da arte non lle sei nada. A decoración é cousa de don Domingo; a min correspóndeme a parte administrativa.

Ao pouco, puiden pasar ao despacho de don Domingo e comprobar que a decoración tamén variara naquel cuarto: os diplomas e títulos estaban agora acompañados por fotografías de cans, supuxen que con *pedigree*. Fixen algún comentario sobre a nova decoración.

Contos de Agardar
En punta

—Pois si, xa ve, dona Mercedes. Estou buscando optimizar a decoración deste lugar e fóra, xa ve, chovendo, sempre chovendo, que tempinho temos....

—A min gústame a chuvia —afirmei timidamente—, sempre me suxire a esperanza de que despois aparecerá a raiola...

—Si, e despois a chuvia. Outra vez a maldita chuvia. Deixémonos de contos e traballemos. Impónse coñecer a súa caligrafía para implementar a sinatura máis acorde. Escriba:

20

“Aquelas mañás frías e soleadas do mes de outubro traían ao barrio unha sensación de ledicia, e ata certa laxitude. O traballo facíase, pero con outro ritmo. Na barbería todo o instrumental estaba limpo coma unha patela e ningún cliente podería atopar, aínda forzando a vista, un só lamparón nas toallas brancas que levaban impreso o nome do establecemento: As doce en punta Barbería”.

—¿Pero que clase de texto é este? —preguntei abraiada.

Contos de Agardar
En punta

Non contestou a miña pregunta. Seguiu ditando durante unha hora e, cando lle pareceu, arrincoume as miñas letras, puxo uns lentes e cun bolígrafo vermello comezou a subliñar e apuntar. Deu por rematada a sesión e “convocoume” para o luns seguinte.

—Perdón —mirando a axenda— para o martes, o martes que vén á mesma hora.

na barbería

—Díggollo como llo conto. Veu por aquí un policía, e veña a preguntarme por un cliente. Seica falsifica firmas, é un caco fino. Eu estaba barbeando ao Fito, e veña a facerme preguntas, veña a preguntarme polo tipo, se sabía onde vivía, que cando viñera. E eu, nervioso, que xa sabes que o Fito é dos de navalla precisa. E veña a preguntar, case me falla o pulso. En vinte anos de profesión nunca en tal me vira. Veña a explicarme que estaba investigando, non sei que da brigada xudicial, dun caso... Eu, que non entendo nada diso.

A chuva deixábase caer fóra do local. A barbería *As doce en punto* tiña un par de clientes mo-

tivados aquela tarde pola sorprendente conversa de Camilo, un home pouco dado a falar do que non fose estritamente necesario.

O coitado do Camilo contaba as súas peripecias policiais como se as preguntas do policía fosen un interrogatorio en toda regra. Ben se vía que se sentira —e aínda se sentía— superado pola visita do axente.

—E digo eu: ¿que lle ía contar eu daquel home? Veu por aquí un par de veces, como moito tres, ten a pel moi coidada. A primeira vez falou da mañá de outono que facía tan bonita, e apuntou nun caderno unhas cousas, supoño eu que nomes de persoas para estafar, pero que ía saber eu... Trouxo sempre uns zapatos en punta, nada máis verllos pensei nos xoanetes da miña muller, xa sabedes que os operou o ano pasado. Xa vos digo: non crucei moitas palabras con el ningunha das veces que veu: “Bos días”, falamos do tempo e, a primeira vez, fixouse nas toallas, que levan mal bordados o nome do establecemento. Só iso.

A verdade era que Camilo quedara coa impresión de que o axente que o visitara marchara da barbería coa mesma información coa que entrara. ¿Cal sería o paradoiro do home que, segundo a pantalla elixida,

se chamaba Carlos cando “exercía” como decorador; Domingo cando se facía pasar por psicólogo e grafólogo; Francisco cando era corredor de seguros...? Unha multitude de personalidades para un delincente que, como definía Camilo, era un caco tirando a fino.

—Ás veces un virtuoso do delito, se algunha virtude pode gardar quen atenta contra a legalidade, pero case sempre un mero gaioleiro, un estafador das aparencias, un vi-va-les —comentáralle enerxicamente Damián, o axente, á súa compañeira—. E non creas, Rosamari, que o sistema ten que ser máis condescendente con eses, non, aínda son peores ca os que teñen delitos de sangue. Falsificar unha sinatura para levarse os cartos doutros pode ter moitas repercusións e mesmo sumir á vítima nun pozo sen fondo. ¿É peor o que asesta unha navallada para roubarlle acarteira a un calquera ca o que —sentado nun despacho de deseño— rouba os cartos sen manchar as mans, quizais sen coñecer, sen manter contacto ningún, coa persoa á quen lle rouba?

23

Damián levaba o afán de xustiza no sangue, que lle fervía ao tempo que a pel da cara ía collendo cor e poñéndose rubia. Tanto era así, que moitas

veces se erixía equivocadamente en xuíz das persoas que investigaba. Máis que atopar probas, el procuraba corroborar as súas hipóteses, nas que se implicaba ata a extenuación.

—Desde que son así —diciá abrindo a man á altura da súa cintura— quero ser policía.

Rosamari, a súa compañeira, mirábao con simpatía, imaxinádoo de cativo a xogar a polis e cacos. No mesmo día en que o coñecera intuía que algo renxía na cabeza do seu compañeiro; “algo ferve nesa cachola”, dicíalle a policía a Damián cando o vía arrubiar e arrubiar ao tempo que elevaba o ton de voz e estiraba o pescozo longo coma o dunha galiña desplumada.

24

—Non me preguntes como sentín o impulso de coller o xornal e mirar os anuncios breves. Alí estaba o camiño directo cara ao tipo, con teléfono e todo. El mesmo anunciaba a súa habilidade coas sinaturas, toda unha confesión.

Rosamari calou, ben sabía —porque o mesmo Damián llo comentara— que fora o propio barbeiro quen lle descubrira o do anuncio na prensa local. ¿Pero que máis tiña? Ao fin colleran o home e da forma máis burda: intentado cobrar un cheque falso.

Contos de Agardar
En punta

achando firma

Tivemos dous encontros máis do estilo dos anteriores: diálogos marcados pola súa personalidade un pouco disparatada dos que eu me despedía certamente divertida polo intercambio de impresións. E chegou o día no que a miña sinatura estaba xa preparada; comunicoume el mesmo, amosábase pletórico a través da liña telefónica. “Convocábame” para aquela mesma tarde.

Camiñaba contenta cara á cita. Unha sinatura á medida dunha mesma era unha cousa mellor cá un peiteado ideado para os ángulos da miña cara e ata superaba un traxe cortado á medida. Todo aquel enredo nacera coma un xogo, por non saber en que matar o tempo, e a historia non tiña traza de rematar mal.

Cheguei ao portal do edificio e, na entrada, observei que nun recuncho estaba arrumbada, coma un vulto calquera, a reprodución do Cristo Resucitado de Bramantino, agora convertido nun verdadeiro

Ecce Homo, coa cara enrugada e chea de dobreces. Por riba, alguén decidirá tamén acoitelar a lámina e resgar o torso do Cristo.

Foi o propio don Domingo quen me recibiu na porta da súa oficina. Estabamos sós, ou iso parecía. Dirixímonos ao seu despacho despois dos correspondentes saídos. Enriba da mesa había pousado un cartafol identificado cunha etiqueta que rezaba: “Dona Mercedes”. Gustoume o detalle do “Dona”.

26 —Ben, señora. Hai aproximadamente un mes veu vostede aquí na procura dunha firma, ou iso pensaba vostede. O certo é que de aquí, de min, vai levar algo máis: a reafirmación da súa personalidade, unha carta de presentación —neste caso de despedida case se, como me dixó, vai estampar a sinatura no testamento—. Dígolle, con total sinceridade, que diante de vostede ten un dos traballos máis logrados por este home que lle fala. Creo que hoxe podemos dar por concluída, e ben concluída, esta relación profesional.

Brillábanlle os ollos. Que orgulloso se sentía da súa creación. Colleu o cartafol e, antes de mo entregar, achegouno á boca. Pareceume que o bicaba.

—Olle, olle a rotundidade dos trazos, os riscos

elegantes, o conxunto optimista... É, definitivamente, unha sinatura diferenciada. A folla do papel é a vida, señora, a nosa vida. Nela plasmamos o noso Eu, as nosas circunstancias, o noso estado de ánimo... Facémosnos donos do espazo, distribuímos os brancos, os trazos convertidos no espello da nosa personalidade...

—Estou abraiada —díxenlle sinceramente— é certo que me recoñezo nestes poucos trazos. Vostede é un xenio —opinei esaxeradamente mentres a cabeza marchaba outra vez cara ao portal e volvía pousar a atención na reprodución estragada de Bramantino—.

—A xenialidade élle cousa de ben poucos homes, e mulleres, claro está. Pero non nos estendamos. Bo é que a sinatura sexa do seu agrado. Como acordamos, quero o diñeiro ao contado.

Pagueille e marchei de alí co cartafol debaixo do brazo, ben feliz. Se a miña personalidade era aquela que reflectía a sinatura, non podía ser máis acaída a carta de presentación que acababa de mercar. Gustábame a sinatura, a mágoa era terlle mentido e que o meu nome non fose, non sexa, o de Mercedes Salgado Varela. Aínda hoxe me sinto un pouco avergoñada polas miñas dobreces.

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma